



PROGRAMA "VOZ NATURA"

NO CEIP PLURILINGÜE PROFESOR ALBINO NÚÑEZ PARTICIPAMOS NESTE CURSO CON DÚAS ACTIVIDADES NO PROGRAMA "VOZ NATURA"

O HORTO ECOLÓXICO: DO HORTO AO PRATO

e

O XARDÍN ECOLÓXICO: O XARDÍN DOS SENTIDOS

Cremos necesario incluír dentro do proceso educativo de cada alumno/-a a educación ambiental, entendendo como tal o proceso interdisciplinar que debe preparar para comprender as interrelacións dos seres humanos entre si, e coa natureza, enmarcándoo todo dentro dun proxecto educativo global. Como educadores temos o deber de formar aos/ás alumnos/-as non só no coñecemento teórico da natureza, senón na convivencia harmónica coa mesma, polo que empregaremos o horto e o xardín ecolóxico como detonantes ou puntos de partida dunha verdadeira educación ambiental no noso centro educativo.

Estamos convencidos de que a educación ambiental ten que ser algo máis ca participar no día da árbore, realizar saídas esporádicas, ou presentar a natureza "morta" a través de vídeos ou de imaxes.

Pretendemos que o horto e o xardín ecolóxico se convertan nun novo recurso pedagóxico para o centro.

PARA INICIAR O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE " O XARDÍN DOS SENTIDOS" É PRECISO PREPARAR O TERREO PARA DESPOIS SEGUIR CO PROCESO, POLO QUE:

O SÁBADO, DÍA 08 DE NOVEMBRO, ENTRE AS 9:30 h e as 14:00 h CONVÓCANSE A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA QUE POIDAN (NAIS/PAIS, ALUMNOS/-AS, PROFESORES/-AS e PERSOAL NON DOCENTE) A PARTICIPAR NA PREPARACIÓN (remover e esterocar a terra) DE DÚAS DAS ZONAS DO RECINTO ESCOLAR QUE SE VAN EMPREGAR NO XARDÍN DOS SENTIDOS.

TRABALLEMOS TODOS/-AS POR UN CENTRO ABERTO A TODA A COMUNIDADE E UN ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE !!!